



# CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

BOLETÍN Nº 159  
Maio 2025

## Cea anual 2025

ENTREGA DE MEDALLAS 8 de febreiro



Unha nova edición da cea anual celebrouse no salón do Hotel Los Galeones.

A medida que os socios ían chegando comezaban os saúdos e as conversas na cafetería do hotel. Pronto fixo acto de presenza o alcalde, feito habitual neste evento, así que subimos ao salón onde íamos cear.

Abel Caballero dirixiunos unhas palabras para loubar a nosa labor montañeira e prometeu seguir colaborando cos nosos proxectos dende o concello.

Despois da cea tivo lugar a tradicional entrega de medallas.



# IAGO MELÓN

**Cando un amigo marcha, un anaquiño da nosa alma marcha con el. Para que fique connosco o máximo tempo posible, deixamos estas palabras dos seus amigos e amigas, que nos achegan de novo á súa beira. Grazas Iago.**



Grazas polos momentos,  
polos sorrisos, por todo.  
Marcos

Por tu sonrisa,  
camaradería y  
compañerismo. No te  
olvidaremos nunca.  
Chema

Iago era buena persona,  
considerado y siempre  
dispuesto a ayudar. Alguien de  
confianza con quien pasar  
buenos momentos.  
Borja

Por siempre en  
nuestro Equipo.  
Kaos  
Cris

Te llevaré en la memoria hasta  
que te vea de nuevo y nos  
reiremos de todo hasta el Infinito.  
Santi

Los primeros recuerdos que  
tengo con Iago son iniciándonos  
en el barranquismo, haciendo así  
que le cogiese especial cariño a él  
y al deporte. Gracias por ser parte  
de mi familia de montaña.  
María

Nos barrancos e nos días de escalada,  
sempre fuches o máis valente e intrépido.  
Pero ao baixarmos da rocha,  
amosáchesnos a túa parte máis tenra e  
agarimosa, que poucos teñen. Grazas.  
David

Moitísimas grazas Iago, por  
compartires a túa paixón pola  
montaña e por contar sempre  
comigo. Imposible esquecerse.  
Sergi

Iago queda no meu corazón, polo entusiasmo  
co que me acolleu no seu círculo de amizades,  
polo compromiso co que me apoiaba a min e  
aos demais mentres compartía as súas paixóns  
deportivas. As reflexións profundas, e as  
bromas enxeñosas que intercambiamos sobre  
tantos temas, deixaron unha pegada que aínda  
levo comigo.  
Simona

Cuando me preguntan por  
las actividades que estoy  
realizando, mi mochila de  
anécdotas está repleta de  
recuerdos vividos con Iago.  
Es parte de mi historia.  
Seguiré hablando de mi  
amigo como si eso hubiese  
pasado ayer.  
Marta

Gracias por mimarme  
con tus cuentos y tus  
cucharitas.  
Eva

Iago, facía pouco que nos  
coñecíamos pero xa compartimos  
varias aventuras xuntos e  
agardaba con entusiasmo as que  
virían no futuro. Fuches un gran  
compañeiro de batallas.  
David

Grazas, Iago, por mostrarme  
con entusiasmo o que amabas.  
Por atreverte a vivilo como ti o  
facías: con confianza,  
intensidade e ledicia  
JP

Pasa el tiempo, sigues y  
seguirás presente por todos  
esos momentos que  
compartimos y que nos hacen  
ser como somos. Gracias.  
Antonio

A mellor definición de como era Iago, é un texto que publicou nunha páxina para  
facer amigos e actividade: "Básicamente me encata hacer de TODO. Escalar,  
barranquismo, espeleología, bicicleta, senderismo, kayak, buceo, patines, caballo y  
casi cualquier otra cosa que se tercié..."  
Así era el, unha persoa activa, con gran corazón e que nunca che dicía que non a  
un día de escalada ou barrancos.  
Paula

Gracias Iago por  
ayudarme a enfrentar  
nuevos retos con o sin  
miedo y por todos los  
momentos graciosos que  
compartimos.  
André

# MENDI TOUR 25

6ª MOSTRA DE CINE DE MONTAÑA E AVENTURA

11, 12 e 13 de febreiro

*Unha nova edición de cine de montaña e aventura tivo lugar na nosa cidade grazas, unha vez máis, á organización de Club Montañeiros Celtas. Unha cita xa consolidada ano tras ano que conta co aplauso do público que encheu de pleno o auditorio do Concello de Vigo.*

*Foron tres días de cine vertixinoso e emocionante onde puidemos visualizar películas de gran calidade e enormes doses de adrenalina. Unha cita ineludible para o mundo montañeiro de Vigo.*

## ESPÉLEO EN

### PICO SACRO

8 de febreiro



Ancorado na reunión da entrada da cova, co descensor na man e un sorriso na boca. Entón fun consciente da sorte que tiven. O grupo co que fun a Pico Sacro acolleume coma un máis, resolvendo todas as dúbidas que me podían xurdir, facilitando compartir coche ata o lugar e todo con moito bo rollo.

Levo menos dunha semana afiliado ao club e xa me sinto coma un máis. Deronseme todas as facilidades: empréstouseme o material preciso, axudouseme a pulir as técnicas de progresión vertical e coñecín a xente estupenda.

Ao final, aínda que na nosa incursión no Pico Sacro non chegamos a atopar o tesouro da Raíña Lupa, o que si saquei da cova foron unhas tremendas ganas de explorar novas cavidades ao lado desta xente. Graciñas!  
Mike

## SENDEIRO NA SERRA DO CANDÁN

23 de  
febreiro

A ruta que fixemos pola serra do Candán aos eólicos gustou moito aos participantes por todo ese valor biolóxico e paisaxístico. Aínda que costou un pouco o tramo de subida ao monte Coco, pero como o tempo axudou todo se foi levando.



Comezamos e rematamos no pobo de Zobra. Cruzamos os ríos Zobra e Deza, pasamos por Ameixedo e camiñando por sendas e pistas chegamos ao mirador de Ameixedo para rematar no cumio do Monte Coco de 970m.

Baixamos ata unha antiga central onde puideos gozar dunha fermosa ferverza. Dende aquí ascendemos a Trigueira que algunha vez foi pobo mineiro como así son testemuña algunha que outra mina aínda visible. Quedan tamén restos das que foran casas de mineiros. Restaba un último esforzo, xa que había que subir ata os eólicos para baixar ata o punto de inicio no pobo de Zobra.

José Bautista

# Bici de montaña 15 de marzo

## RÍO LIMA - VIANA DO CASTELO - PONTE DA LIMA

Sempre é un pracer pedalear por Portugal. As súas rutas son sinónimo de beleza e accesibilidade. Subimos ata Viana por unha marxe do río e regresamos pola outra. Ao principio si que nos embarramos un pouco. O terreo estaba enchoupado e mesmo parecía que estabamos no camiño equivocado pero ao pouco dimos cunha senda ben marcada.

A partir de aí todo foi pedalear.

Cando Chegamos a Viana paramos para tomar algo, estíbese tan ben que xa nos custou algo levantarnos, o que nos gusta falar!

Puxémonos en marcha río abaixo, cara Ponte de Lima. A escasos 4 km paramos a comer de verdade. A comida estaba boísima!

De alí a Ponte de Lima foi todo baixada polo que non pesou moito a comida.



# SENDEIRO PENA CORNEIRA

16 de marzo



A ruta comezou en Lebosende collendo o sendeiro PR-G78. Este sendeiro leva ata o parque etnográfico de Paredes, onde nos atopamos cun conxunto espectacular de hórreos. Seguimos camiñando e collemos un desvío para achegarnos ata o miradoiro de Pena Corneira onde o camiño desaparece entre inmensas bolas de granito e pasarelas de madeira que facilitan o paso entre as mesmas. Unha vez bordeada Pena Corneira, enganhamos co camiño de Carballeda de Ávia. Tras varias sendas e pistas demos co Regato da Gateira, baixamos pola marxe dereita, pasamos polos muíños de Veronza e dende aquí ata o final da ruta de Carballeda.

José Bautista

# Pequemarcha Serra do Galiñeiro - Coto Mediodía

6 de abril

A ruta partiu da zona recreativa da Virxe das Neves. Tanto os nenos como os papás e mamás e os organizadores estabamos moi emocionados xa que era a primeira pequemarcha sen Emilio.

A participación foi moi alta, sobre cincuenta persoas. As idades dos nenos ían entre un aniño ata os oito anos.

Chegamos a Coto Mediodía onde buscamos no buzón de cumio e atopamos unha tarxeta deixada por unha persoa doutro club. Como é costume o noso club remitirá esta tarxeta ao club da persoa que a deixou alí. Isto pareceulles, aos nenos, unha anécdota moi interesante de tal xeito que eles tamén quixeron deixar unha tarxeta de visita e agora agardan a que alguén que pase po alí a devolva ao club.

Regresamos a comer ao mesmo sitio de onde partimos. Polo camiño fomos observando bichocos, árbores e todo tipo de plantas. A ruta levounos unhas tres horas e resultounos moi interesante e entretida porque Lourdes foinos explicando moitas cousas durante o camiño. Conchi Núñez



## CARBALLEDA DE AVÍA - REGATOS DE MAQUIÁNS

### SENDEIRO 6 DE ABRIL

Trátase da ruta circular PR-G260 de 22 km e un desnivel de +/- 600 m, cunha catalogación de moderada. Esta ruta percorre os lugares máis destacados do concello de Carballeda de Avia. Saímos de Carballeda para dirixirnos aos muíños de Veronza e a través de fermosos bosques fomos admirando estes vellos muíños perfectamente restaurados que se descolgan ao longo de regato de Maquiás.

Seguindo o río chegamos ao pobo de Muimenta con casas de pedra e un conxunto etnográfico de hórreos.

Cabe destacar a interesante igrexa de San Xulián do século XIII. Dende este punto ascendemos ao mirador da Cruz e logo logo ao pobo da Xunqueira, aldea abandonada no medio do bosque.

Seguimos pola ruta de muíños "As fermosas". Aquí encontrámonos con pontes e pasarelas de madeira

que pretenden facer máis accesible a visita.

Continuamos o camiño e volvemos dar con outro conxunto de muíños, desta vez trátase dos de Vilar de Conde, son de gran beleza así como o entorno onde se atopan.

Descendemos dende Vilar de Conde ata as aldeas de Saá e Vilariño.

O último tramo do camiño serpentea entre terras de labradío regadas polo río Maquias e os seus numerosos afluentes.



# BICI DE MONTAÑA EN As Neves

12 de abril

Comezamos a pedalear dende o mesmo centro das Neves. Prometíaa ser unha ruta ciclable e así foi. Tecnicamente o chan non ofreceu dificultade algunha xa que transcorreu principalmente por pistas, algunhas mellor acondicionadas ca outras. A dureza da xornada estivo máis ben nas moitas subidas e baixadas, algunhas delas considerablemente longas. O peor estivo ao final, unha chuvía torrencial botóusenos enriba sen piedade o que nos fixo baixar a toda pastilla por itinerarios non previstos a través dunha cortina de auga. Finalmente conseguimos chegar a tempo ao restaurante e, claro, alí xa se nos pasou o frío e a molladura!



## Espeleo Interclubs Courel

16 - 18 de maio

O pasado 16 de maio, membros do GES Montañeiros Celtas puxemos rumbo a Pedrafita do Cebreiro. Tiñamos un adestramento na Sima Tin Tan para preparar o que sería unha fin de semana de covas, exploración e granizo.

O sábado, xunto con compañeiros dos clubs CE A Trapa, EC Rei Cintolo, e Club Pena Trevinca, fixemos varias expedicións en Sima Paleira, Longo de Meu, e Taro da Lastra. A ruta ata Sima Paleira foi bastante vertical pero cunha paisaxe impresionante chea de montañas, bosques autóctonos e arándanos silvestres.



Despois dun duro día, o Acampamento do Courel agasalounos cunha riquísima cea de confraternidade, entre risas, anécdotas e bos momentos.

O domingo despedímonos do grupo e os membros do GES Montañeiros Celtas baixamos a Sima Teixeira onde se están a facer traballos de topografía e investigación por parte do noso socio Dani Ballesteros que xa nos tiña a Cova instalada.

Descubrimos marabillas de cristal, espazos novos de meandros, e flores. E o saír, de volta para casa, caeunos unha boa saraibada. Sorte que algunha compañeira levaba o casco posto, jeje.

Vémonos nas covas!!! Javi F.

# Semana Santa

## En REDES 17 - 20 DE ABRIL

Despois dalgúns anos volvemos a Redes. Trátase dun parque Natural ubicado na zona centro oriental do Principado de Asturias.

Redes goza de paisaxes variadas e moitos contrastes que van denden formacións de orixe glaciaria e covas kársticas a pastos e montes.

Quen teña sorte poderá observar especies como o oso pardo, lobos, urogaios, rebecos e cervos. En canto a flora, a árbore dominante é a faia, aínda que tamén abonda o carballo albar.

Neste fermoso lugar pasamos catro días de extraordinaria actividade física e estupenda convivencia.

O programa cumpriuse según o previsto e o tempo permitiu que así fose, xa que a penas caeron unhas gotas.



O mesmo **xoves 17** nada máis baixar do autobús, comezamos as nosas rutas divididos en dous grupos e con obxectivos diferentes. Un grupo realizou a subida ao Pico Argallo e outro ascendeu ao Cerru Piqueru.

O **venres 18** comezamos a subir todos xuntos ata La Fontona. Neste punto algúns demos a volta polo mesmo sitio mentres que outros decidiron continuar ata o Lago Ubales para emprender o descenso cara a Caleao, onde nos recollería a todos o autobús. Comentar que este autobústiv de ser alugado no propio pobo de El Campu, xa que o noso era demasiado grande para pasar polos tuneis de Caleao.

O **sábado 19** realizamos todos xuntos unha ruta circular partindo do mesmo pobo, pasando por Peña Casar ou La Coyonada e regresar andando, a El Campu.

Último día, **venres 20**, antes de marchar realizamos a ruta dos Arrudos. Ruta fácil pero belísima, ideal para relaxar as pernas cansadas dos días anteriores. Despois de gozar deste camiño gandeiro e mineiro, paralelo ao río Alba entre rápidos, remansos e fontes, comemos no pobo de Soto de Auges e retornamos a casa satisfeitos e felices por estes maravillosos días montañeiros. Melu Lago



Edita: Club Montañeiros Celtas. Edición: Amelia Lago Andión  
Colaboran neste número: Mónica, José Bautista, Javi F.R., Mike, José Bautista, Conchi Núñez e Melu.

Imprime: Copypucho

DP: vg-40-1998

	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
X U Ñ O	7-8	BARRANCOS	ESPELEO
	7	COPA ESCALADA IDADE ESCOLAR - VIGO	CELTAS / FGM
	8	SENDEIRO RIBEIRA SACRA	SENDEIRO
	14	BICI DE MONTAÑA	BICI MONTAÑA
	15	RAFTING + CERVES SUPERIOR	ESPELEO
	21-22	SENDEIRO XURÉS	SENDEIRO
	21	COPA ESCALADA IDADE ESCOLAR- OURENSE	FGM
	28-29	CAMPAMENTO INFANTIL ESPELEO	FGE

	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
X U L L O	4-6	ESPELEO EN LEÓN	ESPELEO
	5-6	MARCHA VIVAC	CELTAS/FGM
	12-13	CAMPAMENTO SOCIAL	SOCIAL
	13	BICI MONTAÑA	BICI MONTAÑA
	20	SENDEIRO	SENDEIRO
	25-27	CAMPAMENTO EXTRA TERRITORIAL	FGE

	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
A G O S T O	1 AO 12	PARQUE NACIONAL DOS ÉCRINS- ALPES FRANCESES	MONTAÑA
	14-17	ESPELEO EN CANTABRIA	ESPELEO

**Publicorreo  
Óptimo**

**CLUB MONTAÑEIROS CELTAS**  
Avda Camelias, 78. Oficina K - 36211 Vigo  
Teléfono: 986 438 505  
[www.celtas.gal](http://www.celtas.gal) / [info@celtas.gal](mailto:info@celtas.gal)